

Referencia:	2025/14280Q
Procedemento:	Convenios de colaboración con outras entidades del sector público
Interesado:	
Representante:	
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE (4538)	

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE SOGAMA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A IMPLEMENTACIÓN E MANTEMENTOS DOS EQUIPOS NECESARIOS PARA A HABILITACIÓN DO SISTEMA DE TRAZABILIDADE DOS RESIDUOS E DO PORTAL DE CLIENTE NAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DA DEPUTACIÓN

Dunha banda, **Don Luís Menor Pérez**, na súa condición de **Presidente da Deputación Provincial de Ourense**, de conformidade co disposto no artigo 34 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o 29 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra banda, **Don Javier Domínguez Lino**, na súa condición de **Presidente de Sogama**, con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 22 de febreiro do 2023.

Da fe do acto **Don Juan Marquina Fuentes**, secretario xeral da **Deputación Provincial de Ourense**.

Os comparecentes actúan en representación das respectivas entidades que presiden, con plenas facultades para o outorgamento do presente acto e na súa virtude.

EXPOÑEN:

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25.1.a) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.

2. Que, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e no artigo 9 e concordantes da Lei de Residuos e solos contaminados de Galicia, os concellos ostentan a competencia da recollida, transporte e valorización e eliminación dos residuos sólidos urbanos. Pola súa parte, a Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no normativa aplicable as entidades locais, e de acordo con establecido no artigo 9.. f) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ten como a atribución de cooperación cos concellos en materia de xestión de residuos .
3. O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.
4. Que, a Deputación de Ourense, dentro das súas competencias ten asumida a xestión dos residuos de cincuenta e nove (59) concellos da provincia, realizando as labores de contenerización, recollida e transporte á rede de plantas de transferencia da súa propiedade onde son entregados a Sogama para completar a súa xestión.
5. Que a Deputación de Ourense mantén coa Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (en adiante SOGAMA), convenio para a xestión das once (11) microplantas de transferencia de residuos de competencia local da provincia de Ourense propiedade desta Administración, dende 2010 e vixente na data, logrando así que ningún concello diste máis de 35 Km, e dando servizo a calquera concello da provincia, con independencia de que teña ou non delegada a xestión dos residuos na deputación.
6. Que ambas institucións veñen colaborado dende fai anos no ámbito da xestión dos residuos, tendo subscritos varios convenios de colaboración con excelentes resultados, como o da implantación da compostaxe doméstica na provincia, polo que, en base a dita experiencia, consideran oportuno e

necesario dar un novo paso esta vez para á execución das infraestruturas (obras e equipamento) necesarias para a implementación do sistema de trazabilidade dos residuos que está a executar Sogama e o desenvolvemento dun portal do cliente.

7. SOGAMA, dentro da súa estratexia, definiu un Plan de transformación dixital (R-Dixital) que se está despregando na actualidade. Os principios de R-Dixital son lograr a maximización da eficiencia, accesibilidade e calidade do dato e mellora da trazabilidade do residuo, desde que entra ata que sae das instalacións de SOGAMA.

Desta forma, espérase que todos os proxectos a desenvolver dentro de R-Dixital contribúan aos seguintes obxectivos:

- a. Reducir tarefas manuais.
 - b. Reducir o erro humano.
 - c. Mellorar a captura, o tratamento, a calidade e o acceso ao dato.
 - d. Centralización de datos.
 - e. Visualización de datos en cadros de mando flexibles que melloren a experiencia de cada usuario.
8. Tanto o sistema de trazabilidade <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=822505> como a implantación do portal do cliente web <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=824212> están destinados a facilitar a interacción e xestión entre SOGAMA e as entidades locais, e/o relacionadas, involucradas no tratamento de residuos, garantindo desta forma a trazabilidade dos residuos recibidos e xestionados, tal e coma esixe a normativa aplicable. Ambos instrumentos serán unha ferramenta esencial na transformación dixital, co fin de mellorar a eficiencia na xestión de residuos, optimizar o fluxo de información e facilitar a comunicación entre os distintos actores do proceso.
 9. Para que este Plan de transformación dixital (R-dixital) sexa plenamente operativo e a trazabilidade chegue a tódolos concellos adheridos á xestión dos residuos de competencia local en SOGAMA, o Plan debe incluír a totalidade das plantas de transferencia, con independencia da súa

titularidade, e por elo as 11 plantas de transferencia da Deputación de Ourense. Así, para a implantación e mantemento das infraestruturas necesarias para a posta en marcha do sistema de trazabilidade e portal de cliente, é necesario realizar varias obras nas plantas para a instalación dos equipos necesarios para a captación, tratamento, elaboración y compartición dos datos de xestión.

10. Todo o anterior xustifica a necesidade de subscribir un novo convenio de colaboración para regular as condicións polas que se articulará a correcta implantación e mantemento das infraestruturas necesarias para a posta en marcha do sistema de trazabilidade e portal de cliente, o que facilitará as tarefas de xestión de residuos, dando fiabilidade aos datos.

Ademais, a subscrición do convenio incide directamente en mellorar os obxectivos establecidos na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que se vinculan a maior cooperación coas entidades locais, aos efectos de conseguir a máxima eficacia dos recursos públicos logrando tamén unha mellora ambiental, o que redonda en unha mellora do servizo público de interese xeral.

Así, polos motivos expostos, os comparecentes acordan a subscrición dun novo Convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións para a execución e mantemento posterior nas plantas de transferencia de titularidade da Deputación das infraestruturas necesarias para a implementación do sistema de trazabilidade dos datos e o portal do cliente, dentro do plan de modernización e dixitalización de infraestruturas emprendido por Sogama.

Segunda.- alcance

Forman parte do alcance do convenio as actuacións necesarias para a execución das instalacións dos sistemas de alimentación eléctricas e cableado de datos en cada unha

das plantas segundo memorias dos traballos que foron licitados e adxudicados por Sogama

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=824546&lang=es> .

Igualmente, forman parte do alcance o subministro, instalación e mantemento posterior de todos os equipos que compoñen a infraestrutura necesaria para a captación e transmisión dos datos segundo relación valorada dos equipos.

Terceira.- Actuacións das partes

Sogama será a encargada de licitar e contratar as obras necesarias así como o subministro, instalación e mantemento posterior, dos equipos necesarios que forman parte do alcance.

Para elo, respectará os procedementos de contratación pública que le son aplicables.

A deputación facilitará os accesos a súas instalación para a execución dos traballos e, de ser necesario facilitará a tramitación dos permisos necesarios para dita execución que, en todo caso son considerados como obras menores.

Ambas partes colaborarán para que os traballos se realicen cumprindo todas as esixencias en materia de seguridade e saúde, realizando as actuacións de coordinación necesarias xunto cos adxudicatarios das obras, procurando que as mesmas sexan en todo momento compatibles coa actividade das plantas, de tal xeito que se produzan as menores interferencias posibles nesa actividade.

Cuarta.- Financiamento do convenio

Segundo se desprende do anexo I, o importe para execución e instalación de infraestruturas, ascende a cantidade de 216.073,52 euros máis IVE.

A deputación de Ourense asume o 50% da partida anterior, asumindo Sogama o restante 50% e os gastos relativos ao subministro e instalación dos equipos necesarios.

A Deputación deberá aboar a Sogama a cantidade correspondente, xa que é esa entidade quen se encarga de contratar e certificar o correcto desenvolvemento dos traballos e, por conseguinte, de efectuar os pagos ás empresas que executen os mesmos.

Sogama xustificará ante a Deputación os pagos efectuados pola execución e instalación das infraestruturas financiadas por este convenio (mediante certificacións ou pago de facturas) e a Deputación transferirá o 50% dos mesmos, co límite dos 130.724,48 € (IVE incluído).

Quinta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na mesma data de sinatura do mesmo, tendo unha duración prevista de 1 ano.

De acordo co recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderase modificar o contido deste convenio mediante a sinatura das addendas que sexan precisas.

Quinta.-Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de Sogama, designados polo órgano competente de cada entidade.

As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ao representante da Deputación, mentres que a secretaría da comisión recaerá na Asesora xurídica da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidos na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas.
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función.

3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

Sexta.- Causas de resolución do convenio

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
 - a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
 - b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
 - c. Por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá comunicarlle ao infractor o requirimento de que cumpra nun prazo determinado as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control. Se transcorrido o prazo sinalado na solicitude persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu o comunicará a comisión de seguimento, vixilancia e control, que informará preceptivamente sobre a procedencia da resolución do convenio. En caso de informe favorable á resolución, o acordo poderá declararse resolto pola parte que formulou o requirimento, quen o notificará á outra parte. Declarada a resolución do convenio, este entrará en fase de liquidación.
2. Unha vez resolto o convenio, entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da devandita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Sétima.- Relación Laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e Sogama, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

Oitava.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Novena.- Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao concorrer as circunstancias establecidas polo artigo 6.2 de dita Lei. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e unha sociedade mercantil pública encargada da xestión do dito plan. En consecuencia, correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento na data e na hora da sinatura electrónica.

O presidente de Sogama,

O presidente da Deputación
Provincial de Ourense,



Da fe,

O secretario da Deputación Provincial de Ourense,

ANEXO I

Importes dos traballos a realizar por planta segundo adxudicación.

PLANTAS DE TRANSFERENCIA DIPUTACION DE ORENSE		
	IMPORTES ADJUDICADOS.	
INSTALACION	IMPORTE OFERTADO (€ SIN IVA)	IMPORTE OFERTADO (€ CON IVA)
A GUDIÑA	20.958,92	25.360,29
APEROKA	22.789,37	27.575,14
BEADE	18.407,02	22.272,49
CARBALLINO	19.905,77	24.085,98
CELANOVA	21.480,47	25.991,37
MACEDA	15.430,82	18.671,29
MUÍÑOS	17.408,07	21.063,76
POBRA DE TRIVES	18.175,32	21.992,14
VERIN	21.596,52	26.131,79
MANADO BOLO	23.035,72	27.873,22
XINZO DE LIMIA	16.885,52	20.431,48
TOTALES	216.073,52	261.448,96